



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Aurelio Fernández Rivas solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.78280

As obras solicitadas consisten na execución dun muro de pedra no predio con referencia catastral 27019A051008460000TR; na zona de policía dun rego innominado ou rego de Vilasindre afluente do Río Moudice, no lugar de Vilasindre, na parroquia de San Pedro de Cangas, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 9 de decembro de 2021.-O xefe do Servizo Territorial de Lugo (P.S. Resol. Dirección Augas de Galicia 18/08/2021) - O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte - Néstor Rodríguez.

R. 3545

### CONCELLOS

#### CERVO

##### Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 5 de novembro de 2021, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 22/2021, vía crédito extraordinario núm. 2/2021, dentro do vixente Presuposto Municipal, por non presentarse reclamacións contra os mesmos, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación prevision	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.658.768,99	0,00	2.658.768,99
2	Impostos indirectos	14.791,24	0,00	14.791,24
3	Taxas e outros ingresos	2.219.392,44	0,00	2.219.392,44
4	Transferencias corrientes	2.026.897,05	0,00	2.026.897,05
5	Ingresos patrimoniais	4.906,20	0,00	4.906,20
6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	778.693,02	0,00	778.693,02
8	Activos financeiros	424.498,98	0,00	424.498,98
9	Pasivos financeiros	0,00	659.745,15	659.745,15

	TOTAL	8.127.947,92	659.745,15	8.787.693,07
--	-------	--------------	------------	--------------

Cap. Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	3.511.008,96	0,00	3.511.008,96
2	Gastos bens crtes e servizos	2.171.825,43	0,00	2.171.825,43
3	Gastos financeiros	7.000,00	0,00	7.000,00
4	Transferencias corrientes	269.100,00	0,00	269.100,00
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00
6	Investimentos reais	1.902.851,83	659.745,15	2.562.596,98
7	Transferencias capital	0,00	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	266.161,70	0,00	266.161,70
	TOTAL	8.127.947,92	659.745,15	8.787.693,07

Cervo, 10 de decembro de 2021. O alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3552

### Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 5 de novembro de 2021, aprobando inicialmente o expediente de modificación da plantilla de persoal municipal que ten por obxecto a creación das prazas reservadas a persoal laboral fixo, con indicación da súa vinculación a procesos de estabilización do emprego e en cumprimento do artigo 127 do RD Legislativo 781/1986, faise público o cadro de persoal laboral fixo resultante da devandita modificación:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	POSTO DE TRABALLO	C. DESTINO
<b>TRABALLADOR/A SOCIAL</b> 1 Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	2	A2	Traballadora social	20
<b>MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL XORNADA COMPLETA</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	A2	Mestre E.I.	18
<b>MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL 80% XORNADA</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	3	A2	Mestre E.I.	18
<b>MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL 60% XORNADA</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	A2	Mestre E.I.	18
<b>TÉCNICO DE XESTIÓN</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	A2	Técnico de xestión	18
<b>AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	A2	Axente emprego e desenv. local	18
<b>TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN E INSERCIÓN LABORAL</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	A2	Orientador/a laboral	16
<b>SECRETARIA DE DIRECCIÓN</b>	1	C1	Posto Dirección	19
<b>ADMINISTRATIVO/A APOIO ARQUIVO</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	C1	Administrativo arquivo	19

<b>ADMINISTRATIVO/A DE PERSOAL</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	C1	Administrativo de persoal	17
<b>TÉCNICO/A INFORMÁTICO</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	C1	T.S. Sistemas Informáticos	17
<b>TÉCNICO/A SUPERIOR EDUCACIÓN INFANTIL 60% XORNADA</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	2	C1	T.S. Educación Infantil	17
<b>ADMINISTRATIVO/A APOIO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E LINGÜÍSTICA</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	C1	Apoio dinamización lingüística	17
<b>ENCARGADO DE INFORMACIÓN E REXISTRO</b>	1	C2	Encargado de Información e Rexistro	15
<b>ENCARGADO DE MECÁNICA</b> Vacante	1	C2	Servicio mecánico	15
<b>ENCARGADO DE OBRAS</b>	1	C2	Servicio obras municipais	15
<b>ENCARGADO ELECTRICISTA</b>	1	C2	Encargado electricista	15
<b>OFICIAL 1ª OFICIOS</b>	1	C2	Traballos e servizos varios	15
<b>SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL</b> 1 Vacante	2	C2	Traballos e servizos varios en piscina	15
<b>AXUDANTE ELECTRICISTA</b>	1	AP	Axudante electricista	14
<b>AXUDANTE TALLERES</b>	1	AP	Axudante de talleres	14
<b>OPERARIOS SERVICIOS XERAIS</b> 1 Vacante	4	AP	Operario servizos xerais	14
<b>CONSERXE EDIFICIOS MUNICIPAIS</b>	1	AP	Conserxe edificios municipais	14
<b>SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL</b> 1 Vacante	2	AP	Socorrista-persoal apoio piscina	14
<b>SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	4	AP	Socorrista-persoal apoio piscina	14
<b>OFICIAL 1ª SERVICIO DE OBRAS</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	AP	Oficial 1ª obras	14
<b>OFICIAL 1ª SERVICIO DE LIMPEZA VIARIA</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	AP	Oficial 1ª limpeza viaria	14
<b>AUXILIAR DO SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	3	AP	Auxiliar SAF	13
<b>PEON GES</b> 5 Prazas vinculadas a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	11	AP	Peon GES	12
<b>PEON RECOLLIDA DE LIXO</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	AP	Peon recollida lixo	12
<b>PEON PINTOR</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	1	AP	Peon pintor	12
<b>CONSERXE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de	1	AP	Conxerxe instalacións deportivas	12

emprego temporal				
<b>CONSERXE COLEXIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	<b>1</b>	<b>AP</b>	Conxerxe instalacións municipais	<b>12</b>
<b>PEON ALBANEL</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	<b>3</b>	<b>AP</b>	Peon albanel	<b>10</b>
<b>PEON SANEAMENTO E RECOLLIDA DE LIXO</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	<b>5</b>	<b>AP</b>	Peon saneamento e recollida lixo	<b>10</b>
<b>AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO</b> Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal	<b>4</b>	<b>AP</b>	Auxiliar SAF	<b>10</b>
<b>OFICIAL 2º RECOLLIDA LIXO</b>	<b>1</b>	<b>AP</b>	Servizo municipal recollida de lixo	<b>13</b>
<b>TOTAL</b>	<b>70</b>			

De conformidade co artigo 171 do RD Lexislativo 2/2004, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia durante o prazo de dous meses a partir da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro que se estime conveniente.

Cervo, 10 de decembro de 2021. O alcalde; Alfonso Villares Bermúdez

R. 3553

## LUGO

### Anuncio

#### **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 1 de decembro de 2021, adoptou entre outros o acordo 6/755 delegar as competencias no Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de todos o actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación, así como de autorización do dominio público, relativos ás festas do Nadal 2021-22.

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 9 de decembro de 2021.-A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Lavarellos Fondo.

R. 3546

## MONDOÑEDO

### Anuncio

#### ANUNCIO

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, ditou a Resolución núm. 2021-0250 do 10 de decembro de 2021, que literalmente di:

#### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DE UN TÉCNICO SUPERIOR E DOUS TÉCNICOS MEDIOS, A TEMPO COMPLETO NO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO) PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO 2021/22 (AGRUPACIÓN DE CONCELLOS MONDOÑEDO, OUTEIRO DE REI, FRIOL, RÁBADE, BEGONTE, COSPEITO, CASTRO DE REI E ABADÍN)**

Vista a Orde do 7 de xullo de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (DOG núm. 138, do 21 de xullo de 2021).

Vista a memoria Anexo II, do proxecto integrado de emprego denominado PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO 2021/22 (que agrupa aos concellos de Mondoñedo, Outeiro de Rei, Friol, Rábade, Begonte, Cospeito, Castro de Rei e Abadín).

Vista a Resolución de concesión do día 18 de novembro de 2021 da Directora Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade.

Visto que según a Resolución de Concesión o programa ten que rematar o 21 de novembro de 2022.

Vista a providencia da alcaldía, que incoa este expediente.

Vista a memoria do Alcalde que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar este proceso selectivo.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e a que o inicio deste programa debe ser inminente, xa que para que se poida iniciar a selección dos participantes debe realizarse antes do 21 de xaneiro de 2022, ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, o Alcalde nas facultades conferidas pola lexislación vixente,

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Avogar a competencia de forma puntual co obxecto de realizar unha convocatoria para selección e posterior contratación de tres empregos: un Técnico Superior A1 e dous postos de Técnico Medio A2.

Para poder executar o programa, é preciso efectuar a selección de participantes que deberán estar seleccionados, tal e como recolle a convocatoria, nun prazo máximo de dous meses dende a data de inicio que figura na resolución de concesión da subvención, pola tanto na data límite do 21/01/2022. Por este motivo, é necesario seleccionar á maior brevidade posible un técnico/a que será a persoa encargada, entre outros cometidos, de realizar a selección inicial de participantes do Programa Integrado de Emprego do Concello de Mondoñedo 2021/22 (que agrupa aos concellos de Mondoñedo, Outeiro de Rei, Friol, Rábade, Begonte, Cospeito, Castro de Rei e Abadín) e a coordinación e xestión do Programa ao longo do seu desenvolvemento polo que se realiza unha convocatoria para selección e posterior contratación de un Técnico Superior A1 e dous Técnico Medio A2. O Técnico Superior, contratarase o antes posible, unha vez rematado o proceso selectivo, mentres que o inicio das contratacións dos Técnicos Medios quedará condicionada a que o programa previsto se poida desenvolver ao acadar o número de participantes que se require para o seu inicio (100 participantes). Todos os contratos extinguiranse no caso de que o Programa Integrado non se poida iniciar.

**Segundo.-** Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

**Terceiro.-** Darlle publicidade a esta convocatoria a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

Mondoñedo, 10 de decembro de 2021.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide, ante min A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

#### **BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DE UN TÉCNICO SUPERIOR E DOUS TÉCNICOS MEDIOS, A TEMPO COMPLETO NO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO) PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO 2021/22**

#### **(AGRUPACIÓN DE CONCELLOS MONDOÑEDO, OUTEIRO DE REI, FRIOL, RÁBADE, BEGONTE, COSPEITO, CASTRO DE REI E ABADÍN)**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto das presentes bases é o de regular o procedemento para a contratación temporal desde o momento da súa contratación e ata a finalización do programa, prevista para o 21 de novembro de 2022, de un emprego de Técnico Superior (A1) e dous empregos de Técnico Medio (A2) para o Programa Integrado de Emprego do Concello de Mondoñedo 2021/22. O Técnico Superior, contratarase o antes posible, unha vez rematado o proceso selectivo, mentres que o inicio das contratacións dos Técnicos Medios quedará condicionada a que o programa previsto se poida desenvolver ao acadar o número de participantes que se require para o seu inicio (100 participantes). Todos os contratos extinguiranse no caso de que o Programa Integrado non se poida iniciar.

#### ***Funcións a desempeñar polo persoal contratado***

Os técnicos/as seleccionados terán como funcións ou tarefas as actuacións recollidas na memoria anexo II do devandito Programa Integrado de Emprego, así como as establecidas na Orde do 7 de xullo de 2021, no horario e lugares que se determinen; atendendo ás necesidades do servizo, cando estas o esixan, o traballo poderá

realizarse en xornada partida de mañá e tarde. A título enunciativo, e entre outras, as funcións que terán que realizar son as seguintes:

a) Funcións relacionadas coa xestión administrativa do programa: preparación de documentación e trámites para o desenvolvemento das accións do programa, accións de publicidade, documentación e trámites relacionados coa solicitude de prácticas en empresa, comunicación das subcontratacións, trámites relacionados cos certificados de profesionalidade, de ser o caso, etc.

b) Relacionadas co desenvolvemento de competencias por parte dos usuarios do programa: información, orientación e asesoramento, elaboración de itinerarios de inserción, realización e organización de accións encamiñadas ao desenvolvemento de competencias profesionais e de capacidades empresariais, información, orientación e asesoramento, propor información transversal en función dos perfís das persoas, técnicas de coaching, intelixencia emocional e

motivación en busca de emprego, fomento da acción emprendedora, prospección empresarial, etc.

c) Relacionadas co mercado de traballo: realización de accións de prospección do mercado laboral, de intermediación laboral, accións para posibilitar a mobilidade xeográfica, colaboración na elaboración dun manual de recursos de apoio a demandantes de emprego e emprendedores, accións dirixidas a incrementar as posibilidades de inserción laboral dos/as demandantes de emprego, etc.

d) Calquera outra relacionada co Programa Integrado de Emprego que lle asigne o Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue.

O/a técnico/a superior quedará adscrito/a ao Concello/s que designe o Alcalde-Presidente e realizará tamén funcións de coordinación e xestión do programa; o resto de técnicos/as seleccionados serán asignados polo Alcalde-Presidente aos Concellos que se estimen oportunos para realizar as súas funcións nos concellos que forman parte da Agrupación.

## **SEGUNDA.- NORMATIVA A PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP).

No non previsto nas presentes bases, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Orde do 7 de xullo de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (DOG núm. 138, do 21 de xullo de 2021).
- Demais disposicións aplicables.

## **TERCEIRA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓNS.**

**MODALIDADE DE CONTRATO DE TRABALLO.-** Contrato laboral temporal de duración determinada a tempo completo de obra/servizo determinado.

**XORNADA.-** 40 horas semanais.

**DURACIÓN.-** Este contrato formalízase para traballar no Programa Integrado de Emprego do Concello de Mondoñedo 2021/22 (que agrupa aos concellos de Mondoñedo, Outeiro de Rei, Friol, Rábade, Begonte, Cospeito, Castro de Rei e Abadín).

Estas contratacións temporais, abarcarían desde o momento da súa contratación e ata a finalización do programa, prevista para o 21 de novembro de 2022, de un emprego de Técnico Superior (A1) e dous empregos

de Técnico Medio (A2) para o Programa Integrado de Emprego do Concello de Mondoñedo 2021/22. O Técnico Superior, contratarase o antes posible, unha vez rematado o proceso selectivo, mentres que o inicio das contratacións dos Técnicos Medios quedará condicionada a que o programa previsto se poida desenvolver ao acadar o número de participantes que se require para o seu inicio (100 participantes). Todos os contratos extinguiranse no caso de que o Programa Integrado non se poida iniciar.

#### RETRIBUCIÓN BRUTAS.-

Técnico Superior (A1): 2.146,67 €/mensuais (incluída a parte proporcional da paga extraordinaria).

Técnico Medio (A2): 1.839,83 €/mensuais (incluída a parte proporcional da paga extraordinaria).

Por tanto, nos parágrafos anteriores reflíctense as retribucións brutas mensuais, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que para todos os casos, o soldo aboabase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño, decembro e/ou á finalización do contrato.

#### CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte na presente convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, este últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do TREBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio das funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- e) Técnico Superior (A1): Licenciado/a ou título de Grado, ou no seu caso, o de Doutor, Licenciado/a, Arquitecto/a ou Enxeñeiro/a, salvo o que se establecera por lei ou outro título universitario (débesse ter en conta que o título oficial de Master Universitario, por si solo, non constitúe título habilitante para o acceso ao Grupo A, subgrupo A1; o título de Master Universitario, xunto co título de Diplomado Universitario, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico, tampouco constitúe título habilitante para o acceso ao grupo A, subgrupo A1).
- f) Técnico Medio (A2): estar en posesión do título de Diplomado Universitario, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou o título de grado. Igualmente, na actualidade será título habilitante para o acceso ao subgrupo A2 o certificado que acredite os tres primeiros cursos dunha Licenciatura ou o primeiro ciclo sempre que conteña unha carga lectiva mínima de 180 créditos (nestes dous casos refírese sempre a estudos non regulados polo Plan de Bolonia).
- g) Estar en posesión do título Celga 4, ou titulación equivalente, para os empregos de Técnico Superior (A1), e Técnico Medio (A2).
- h) Estar en posesión do permiso de conducir clase B.
- i) Vehículo propio ou dispoñibilidade de vehículo para o desempeño do traballo.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

#### QUINTA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria, así como a aceptación expresa das bases de convocatoria.

O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, a través da sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de

presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e rexistrada, mediante unha das seguintes opcións:

a) Correo electrónico dirixido a: [concellomondonedo@gmail.com](mailto:concellomondonedo@gmail.com), indicando como asunto: CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE UN EMPREGO DE TÉCNICO SUPERIOR E DOUS EMPREGOS DE TÉCNICO MEDIO e achegando copia escaneada da solicitude rexistrada, DNI, permiso de conducir, titulación esixida e acreditación de coñecementos da lingua galega.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 4ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega "CELGA 4", ou a súa validación, se é o caso, aos efectos de exención do exercicio de coñecemento da lingua galega (Base 8ª.2).
- Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso convocado (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases deste convocatoria.

#### **SEXTA.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.**

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterá:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.
- a designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos e a fase de oposición, debendo transcorrer cando menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro na sede electrónica (<https://mondedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante os dous días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, na sede electrónica (<https://mondedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

#### **SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde - Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros, e atenderase á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: Tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro.



Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do Tribunal cando, ó seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría segunda (2ª) das sinaladas do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

#### **OITAVA.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.**

O sistema selectivo é de CONCURSO-OPOSICIÓN.

Consistirán na valoración dos méritos achegados e debidamente acreditados polos aspirantes dentro do prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración os que acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo.

#### **UN EMPREGO DE TÉCNICO SUPERIOR (A1)**

**A puntuación máxima para as fases de concurso e oposición será de 20 puntos.**

#### **8.1.- FASE DE CONCURSO (ata un máximo de 8 puntos)**

#### **A) FORMACIÓN ACADÉMICA COMPLEMENTARIA (ata un máximo de 2,00 puntos)**

**Titulacións académicas.**- Por **posuír titulacións académicas distintas da esixida** para participar no proceso de selección. En todo caso, **estas titulacións deberán complementa-la mínima esixida para acceder á selección e estar relacionada coas funcións a desenvolver**, por quen resulte seleccionado:

Ciclo Medio de FP ou equivalente (FP I): 1,25 puntos cada unha.

Ciclo Superior de FP ou equivalente (FP II): 1,50 puntos cada unha.

Diplomado Universitario: 1,75 puntos cada unha.

Licenciado Universitario: 2,00 puntos cada unha.

Título de grao: 2,00 puntos cada unha.

A puntuación máxima para este apartado é de **2,00 puntos**.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

#### **B) OUTRA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (ata un máximo de 1,50 puntos)**

Por cada curso, xornada, seminario etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, así como, os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia:

-Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.

-Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.

-Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.

-Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.

-Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.

-Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.

-Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste apartado presentarse o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o Tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 50 horas. Os cursos que, a xuízo do

Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima para este apartado é de **1,50 puntos**.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

### **C) EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 4,5 puntos)**

1º.-Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,14 puntos por cada mes completo de servizo. No caso de servizos prestados na empresa privada: 0,07 puntos por cada mes completo de servizo.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

- a) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de epígrafes do IAE. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

### **8.2.- FASE DE OPOSICIÓN (ata un máximo de 12,00 puntos)**

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

O procedemento selectivo consistirá na realización dun único exercicio que terá carácter obrigatorio e eliminatorio:

- Que consistirá en contestar un cuestionario tipo test de sesenta (60) preguntas e catro (4) de reserva, con catro (4) respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no Anexo II destas bases.
- Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,20 puntos. As respostas erróneas e as preguntas non contestadas, non se contabilizarán.

O exercicio terá unha duración de 90 minutos.

### **DOUS EMPREGOS DE TÉCNICO MEDIO (A2)**

**A puntuación máxima para as fases de concurso e oposición será de 20 puntos.**

### **8.2.- FASE DE CONCURSO (Ata un máximo de 8 puntos)**

#### **A) FORMACIÓN ACADÉMICA COMPLEMENTARIA (ata un máximo de 2,00 puntos)**

**Titulacións académicas.**- Por **posuír titulacións académicas distintas da esixida** para participar no proceso de selección. En todo caso, **estas titulacións deberán complementa-la mínima esixida para acceder á selección e estar relacionada coas funcións a desenvolver**, por quen resulte seleccionado:

Ciclo Medio de FP ou equivalente (FP I): 1,25 puntos cada unha.

Ciclo Superior de FP ou equivalente (FP II): 1,50 puntos cada unha.

Diplomado Universitario: 1,75 puntos cada unha.

Licenciado Universitario: 2,00 puntos cada unha.

Título de grao: 2,00 puntos cada unha.

A puntuación máxima para este apartado é de **2,00 puntos**.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

**B) OUTRA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (ata un máximo de 1,50 puntos)**

Por cada curso, xornada, seminario etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, así como, os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste apartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o Tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 50 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima para este apartado é de **1,50 puntos**.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

**C) EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 4,5 puntos)**

1º.-Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,14 puntos por cada mes completo de servizo. No caso de servizos prestados na empresa privada: 0,07 puntos por cada mes completo de servizo.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:
  - c) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
  - d) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

